

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL (PAT) DA FACULTADE DE FILOLOXÍA CURSO 2011-2012

0. INTRODUCCIÓN

Co fin de adaptar a cultura de titorización do profesorado da Universidade da Coruña á filosofía e obxectivos neste campo marcados para o Espazo Europeo de Educación Superior, a *Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías* desta universidade galega implementou ao efecto un novo ámbito de titorización universitaria por medio do Plan de Acción Titorial (PAT).

Do punto de vista do profesorado, o PAT ten como principal obxectivo mellorar a calidade formativa do proceso de titorización, contribuíndo así para a formación integral do persoal docente tamén neste ámbito. Xa do punto de vista do alumnado, o PAT ofrece a cada estudante o apoio e o acompañamento académico dunha persoa de referencia no centro en que estuda durante toda a súa traxectoria formativa na universidade.

Aos efectos de se integrar nas dinámicas de funcionamento de cada centro, cada unha das Facultades e Escolas da Universidade da Coruña deseñou un plano de acción titorial específico de acordo tanto coas súas características académicas e organizativas como co perfil do seu alumnado. Este proxecto de centro está, en todo o caso, integrado no Plano de Acción Tutorial do conxunto da Universidade da Coruña, descrito na web do *Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)* da Universidade da Coruña (<http://www.udc.es/cufie/ufa/patt/index.html>).

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía comezou a implantación do Plan de Acción Titorial (PAT) no curso 2007-2008; naquela altura o PAT estaba dirixido ao alumnado de primeiro das tres titulacións que se impartían no centro nese curso (licenciatura en filoloxía galega, licenciatura en filoloxía hispánica e licenciatura en filoloxía inglesa) e destinado tamén a todo o alumnado do *Mestrado Oficial en Lingua e Usos Profesionais*. A coordinación do PAT do centro recaiu sempre na Decana, Teresa López, e na Persoa Responsábel de Calidade e Convergencia (PRCC) nomeada en cada momento: a profesora Mercedes Regueiro Diehl durante o curso 2007-2008, a profesora María José Caamaño Rojo durante os cursos 2008-2011 e o profesor Roberto L.I. Samartín (como PRCC desde outubro de 2011 e como vicedecano de calidade deste xuño de 2012).

O proceso de implementación do PAT na Facultade de Filoloxía comeza nese ano 2007 co envolvimento do profesorado que impartía aulas en primeiro curso. Desde entón, o PAT da Facultade de Filoloxía atendeu progresivamente cada curso a un maior número de alumnos e alumnas, xa que ao lado do acompañamento daqueles estudantes das Licenciaturas que participaron no

PAT por vez primeira nese curso 2007-2008, foi atribuído tutor/a a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas licenciaturas referidas (sen docencia a partir do próximo ano académico) quer nos tres novos graos implementados desde o curso 2009-2010 na Facultade: *Grao en Galego e Portugués*, en *Inglés* e en *Español. Estudos lingüísticos e literarios*. Tamén desde ese curso 2009-2010 o Plan de Acción Titorial envolveu os/as estudantes matriculados na UDC do *Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións*, alén das sucesivas promocións do *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais* e, desde este ano 2011-2012, tamén o alumnado do *Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD).

Isto significa que cada estudante matriculado na Facultade de Filoloxía desde o ano 2007 foi acompañado durante toda a súa traxectoria académica por unha persoa responsábel da súa titorización e que, en consecuencia, no pasado curso 2010-2011 finalizou os seus estudos a primeira promoción de estudantes que foron atendidos polo Plan de Acción Titorial ao longo de todo o seu percurso na Universidade da Coruña. De acordo coa listaxe de titulacións colada abaixo, neste momento a totalidade do alumnado da Facultade ten atribuída unha persoa responsábel pola súa titorización:

1. Licenciatura en Filoloxía Galega.
2. Licenciatura en Filoloxía Hispánica.
3. Licenciatura en Filoloxía Inglesa.
[estas tres licenciaturas concluíron neste ano académico 2011-2012 o seu cuarto curso e xa non terán docencia, nen titorización no PAT, atribuída no próximo curso 2012-2013]
4. Grao en Galego e Portugués. Estudos lingüísticos e literarios: de primeiro a terceiro curso.
5. Grao en Inglés. Estudos lingüísticos e literarios: de primeiro a terceiro curso.
6. Grao en Español. Estudos lingüísticos e literarios: de primeiro a terceiro curso.
7. Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións: alumando matriculado na UDC (leccionado en parcería coa Universidade de Vigo).
8. Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais
9. Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade

2. ANÁLISE DE NECESIDADES

Unha das principais necesidades que detectamos para este curso 2011-2012 foi a de implicar un maior número de profesorado no PAT. No modelo que viñamos aplicando na Facultade, o profesorado titor tiña sempre docencia no primeiro ano para facilitar así o contacto co alumnado de novo ingreso. Ora, cada profesor titoriza cada estudante atribuído ao longo de toda a traxectoria académica deste último (o que significa de regra catro anos), polo cal a asignación de novo alumnado de novo ingreso a estes titores levaría consigo unha acumulación progresiva de titorandos nun número relativamente reducido de orientadores, pois o profesorado que asume a docencia das materias de primeiro curso non acostuma variar cada ano.

Para poder atender o elevado número de alumnos e alumnas e distribuílos de maneira relativamente equitativa entre todo o profesorado que participa no

programa foi preciso, entón, envolver no PAT profesores e profesoras con docencia noutros cursos como titores/as de estudantes de novo ingreso. A eventual falta de contacto por medio da docencia entre estes titores e o alumnado titorizado ao cal non dá aulas en primeiro ano fica compensada en anos posteriores, xa que todos os titores serán docentes do seus orientandos nalgún momento do percurso formativo no centro destes estudantes.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos no PAT da Facultade de Filoloxía durante o curso 2011-2012 son os seguintes:

1. Orientar e guiar ao estudiantado na súa traxectoria académica
 - 1.1. Informar sobre a estrutura organizativa da universidade, o centro, a titulación...
 - 1.2. Aconsellar sobre itinerarios formativos
 - 1.3. Colaborar na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe
 - 1.4. Orientar na metodoloxía de estudo e técnicas de traballo
 - 1.5. Orientar sobre as posibilidades de mobilidade
 - 1.6. Orientar sobre os posíbeis proxectos profesionais ou investigadores
2. Identificar, através do seguimento personalizado do estudiantado, as nosas propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade, así como reflexionar sobre elas
3. Fomentar a cultura titorial no ámbito universitario

4. CONTEÚDOS

Para alén de todas as actividades de titorización propias e específicas do plano, o PAT da Facultade de Filoloxía envolve tamén unha serie de accións organizadas no ámbito da Facultade, quer pola dirección do centro quer pola Comisión de Extensión Universitaria ou a Comisión de Normalización Lingüística. Con carácter estábel, a Facultade de Filoloxía organiza anualmente as seguintes accións de orientación dirixidas ao seu alumnado:

- Semana de Acollida do alumnado de novo ingreso (no curso 2011-2012, por primeira vez, a xornada foi substituída por unha semana completa de actividades).
- Xornada de Orientación Laboral.
- Xornada informativa sobre Mobilidade Erasmus.
- Xornadas de portas abertas (dirixidas ao alumnado de bacharelato de varios centros de ensino secundario da área metropolitana da Coruña).
- Xornada informativa sobre prácticas profesionais.

En concreto, no curso 2011-2012 as actividades organizadas pola Facultade foron as seguintes:

1. **Charla-coloquio** sobre bolsas Erasmus para estudantes de Filoloxía (26 de xaneiro).
2. **Charla-coloquio** sobre prácticas profesionais para o estudiantado de Filoloxía (2 de marzo)

3. Xornadas de Orientación Laboral

- 19 de xaneiro: Orientación laboral e autoemprego para o estudiantado de filoloxía.
- 30 de maio: Novas profesións para filólogos.

4. Xornada de Portas Abertas (14 de abril), en colaboración co SAPE e a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.

5. Actos de acollida para o estudiantado de novo ingreso:

- **Graos** (semana do 12 ao 16 de setembro)
- **Mestrados** (8 de setembro),
- **Erasmus** (21 de setembro), en colaboración co SAPE, a Oficina de Cooperación e Voluntariado, o Servizo de Normalización Lingüística, o Centro de Linguas, o Servizo de Cultura, o Servizo de Deportes, o Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos universitarios e a Oficina de Relacións Internacionais.

6. Actividades organizadas pola Comisión de Normalización Lingüística.

- Seminario “Recursos web para o ensino-aprendizaxe do galego” por Luz Castro (23 de marzo).
- Seminario “Técnicas de expresión oral para a docencia” por Cristina Domínguez Dapena (13 de abril).
- Seminario “Elaboración de material didáctico para as aulas de lingua e literatura” por Rosario Mascato (4 de maio).
- Concerto e presentación do disco *Acrobata* por Ugia Pedreira e Fred Martins (9 de novembro).
- Fiadeiro de tradución de banda deseñada por Miguelanxo Prado (16 de novembro).
- Convocatoria do IV Premio de Tradución ao galego de textos científico-técnicos.

5. RECURSOS

Neste curso 2011-2012 participaron no PAT da Facultade de Filoloxía un total de 36 profesores/as (véxase listaxe abaixo). A respecto do ano 2010-2011, neste curso incorporáronse ao PAT seis novos titores/as, dous deles especificamente ao Mestrado en Literatura Cultura e Diversidade implementado neste ano académico:

- | | |
|-------------------------------------|--|
| 1. Alan Floyd Moore | 20. Laura Tato Fontaíña |
| 2. Ana Veleiro Pérez | 21. Leticia Eirín García |
| 3. Begoña Crespo García | 22. Luis González García |
| 4. Begoña Simal González | 23. M ^a Jesús Cabarcos Traseira |
| 5. Carme Fernández-Pérez San Julián | 24. M ^a José Caamaño Rojo |
| 6. Carolina Núñez Puente | 25. Manuel Fernández Ferreiro |
| 7. Cilla Lourenzo Modia | 26. Margarita Alonso Ramos |
| 8. David Clark Mitchell | 27. María Jesús Lorenzo Modia (MLCD) |
| 9. Dolores Sánchez Palomino | 28. Mercedes Regueiro Diehl |
| 10. Enma Lezcano González | 29. Nancy Vázquez Veiga |
| 11. Esperanza Acín Villa | 30. Nieves Pena Sueiro |
| 12. Esperanza Morales López | 31. Pilar Yagüe López |
| 13. Félix Córdoba Rodríguez | 32. Roberto López-Iglesias Samartín (coordenador do PAT do centro) |
| 14. Fernando González Muñoz | 33. Sagrario López Poza |
| 15. Fidel López Criado (MLCD) | 34. Teresa López Fernández |
| 16. Gema Vallín Blanco | 35. Xoán López Viñas |
| 17. Goretti Sanmartín Rei | 36. Xosé Manuel Sánchez Rei |
| 18. José Liste Noya | |
| 19. José Manuel Alonso Giráldez | |

Para alén das tarefas propias da coordinación xeral do grupo de titores/as, o **Coordinador do PAT da facultade** é responsábel por:

- Organizar a distribución de alumnado entre o profesorado titor.
- Acompañar todos os procesos relacionados co PAT do centro e asistir áquelas reunións coa coordinación do PAT da UDC a que for convocado.
- Facer visíbel o PAT para profesorado e alumnado por medio de mensaxes de correo electrónico, através da web do centro, de desdobraíbeis informativos e de todo tipo ou medio de información habilitada ao efecto.
- Canalizar a información necesaria para a titorización.
- Achegar ao profesorado titor información sobre a formación ofertada pola UDC necesaria para o labor titorial.
- Canalizar e xestionar as necesidades e eventuais problemas detectados, así como posíbeis alternativas de solución.
- Convocar e moderar a reunión de avaliación final do PAT do centro.
- Redixir a memoria avaliativa final e o proxecto de PAT do centro.
- Comunicar ao vicerreitorado a listaxe de titores/as que acompañaron con suceso o PAT aos efectos da correspondente certificación.

Por seu lado, é función dos Titores e Titoras:

- Axudar aos seus titorandos a deseñar a súa traxectoria curricular, atender as súas dúbidas e necesidades e orientalos ao longo do seu percurso formativo na Facultade.
- Convocar en tempo e forma as reunións grupais cos seus alumnos, tendo especial coidado na elección de día e hora para que sexa compatible co horario dos estudantes.
- Estabelecer co alumnado titorizado unha vía de contacto permanente (por e-mail, por exemplo) e solicitarlles os datos considerados necesarios para o desenvolvemento do labor titorial.
- Achegar ao alumando titorizado a información sobre actividades e propostas realizadas desde a Coordinación do PAT do centro.
- Orientar ao alumnado de últimos cursos no que di respecto á súa inserción no mundo laboral ou académico e ás súas posibilidades e saídas de futuro unha vez finalizada a súa formación no centro.
- Facer un acompañamento do proceso de titorización do alumnado que inclúe unha avaliación final por alumno/a e grupo.
- Comunicar ao coordinador do PAT do centro as deficiencias detectadas nos procesos de ensino aprendizaxe e avaliación.


- Detectar as necesidades e eventuais problemas do centro e da titulación en relación ao PAT e comunicalas ao Coordinador PAT da Facultade.
- Asistir ás convocatorias que faga o Coordinador do PAT do centro.
- Asistir ás reunións de coordinación de titores/as convocadas polo coordinador do PAT do centro.
- Asistir, no posíbel, a cursos e actividades de formación en acción tutorial organizados polo centro ou pola Universidade.

6. MODELO ORGANIZATIVO

A asignación de titores/as será levada a cabo, de maneira aleatoria e equitativa, pola coordinación do PAT do centro. O alumnado será informado da existencia do Plan na Xornada de Acollida, pero a asignación non será feita até comezos de outubro. Todo o profesorado titor recibirá un correo electrónico do coordinador do PAT do centro con toda a información pertinente para o desenvolvemento do seu labor de atendimento (asignación de estudantes, cronograma de actuacións, cuestionarios, fichas de seguimento...).

A planificación xeral marca por defeito tres entrevistas grupais do profesorado co(a)s estudantes ao longo do curso e, se for preciso, entrevistas individuais sen límite e a demanda do alumnado. O dossier enviado ao profesorado-titor inclúe un cronograma coas datas das entrevistas e os posibles contidos das mesmas.

O esquema de responsabilidade do PAT da Facultade de Filoloxía é o seguinte:



7. CRONOGRAMA

Período	Acción	Responsábel
Durante todo o curso	Informar ao alumnado através de correo-electrónico e, baixo demanda, tamén por medio de atendimento presencial e individual	Coordenador e Titores/as
Setembro	Semana de acollida para alumnado de novo ingreso	Decana
Outubro	Distribuir e atribuir alumnado a titores/as	Coordenador
Outubro	Primeira titoría en grupo	Titores/as
Xaneiro	Xornada Mobilidade Erasmus	Comisión de Extensión Universitaria
Febreiro	Segunda titoría en grupo	Titores/as
Marzo	Xornadas de portas abertas (para alumnado de bacharelato)	Comisión de Extensión Universitaria
Abril	Xornadas de Orientación Laboral	Decana / Vicedecano de Calidade
Abril/ Maio	Xornada informativa sobre prácticas profesionais	Decana / Vicedecano de Calidade
Xuño	Terceira reunión en grupo	Titores/as
Xuño	Reunión avaliación do PAT do centro	Coordenador e Titores/as
Xuño/ Xullo	Envío da documentación relativa á avaliación para a coordinación do PAT da UDC	Coordenador

8. AVALIACIÓN

A avaliación xeral do PAT da Facultade de Filoloxía, tanto para os/as estudantes como para os titores e titoras, ten lugar no fin do curso académico de maneira presencial e atende aqueles itens contemplados na “Memoria Final do PAT na Titulación” (accesíbel en <http://www.udc.es/cufie/ufa/patt/documentos.html>). Esta avaliación consta da información tirada da última reunión grupal mantida entre o titor e o seu alumnado, dos datos que eventualmente poda disponibilizar a coordinación do PAT da UDC relativos ás avaliacións individuais de alumnado e profesorado titor do centro, e das conclusións e propostas de mellora colocadas na reunión avaliativa final do PAT da Facultade.

A información obtida nesta reunión avaliativa final realizada en xuño entre o conxunto do profesorado titor do centro e o coordinador do PAT será incorporada na memoria final, que deberá ser enviada para os responsábeis do PAT da Universidade da Coruña nos modelos e prazos marcados.

Acrescentamos abaixo a memoria final do PAT correspondente ao ano 2011-2012:

**REUNIÓN PAT FILOLOXÍA
AVALIACIÓN DO PAT
[14/06/2012]**

MEMORIA FINAL DO PAT NA TITULACIÓN

Obxectivo: Avaliar a experiencia conxuntamente entre o/a coordinador/a e titores/as implicados na titulación

Titulación:	Filoloxía Hispánica Filoloxía Galega Filoloxía Inglesa Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade
Centro:	Facultade de Filoloxía
Día da reunión	14 de xuño de 2012
Número de asistentes	18 (desculpan seis persoas e dúas envían avaliación por escrito). Total profesorado incrito 36.
Motivo: Avaliar o desenvolvemento do PAT no Centro durante o presente curso académico.	
TEMÁTICA DA REUNIÓN	
<p>Impresións ou percepcións dos/as tirores/as. Valoración global da experiencia. Comparativa cos anos anteriores.</p> <p>A valoración global da experiencia por parte do profesorado titor é positiva, sen grandes diferenzas con respecto aos anos anteriores. O alumnado tamén transmitiu, en xeral, a súa satisfacción co desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe no centro.</p> <p>Cuanto á participación do alumnado, continúa a haber moita disparidade entre os diferentes grupos de titorandos, incluso entre os titorizados pola mesma persoa, de xeito que, mentres uns grupos asisten con regularidade ás titorías, mostran interese e valorizan moi positivamente o feito de teren un/ha titor/a ao longo dos seus estudos; outros grupos non acuden ás entrevistas nin responden os correos electrónicos enviados polos titores. Con todo, este último tipo de estudantes tampouco rexeitan de maneira explícita o feito de teren asignado un/ha titor/a, simplemente non fan uso do PAT, probabelmente por non o consideraren necesario.</p> <p>Neste ano a maior participación concéntrase no alumnado de novo ingreso e no de último ano das licenciaturas, diminuíndo nos titorandos de segundo e terceiro dos graos e sendo relativamente alta nos dos mestrados (nomeadamente no de Literatura, Cultura e Diversidade [MLCD]). Esta distribución da participación foi explicada en virtude da necesidade de información sobre o funcionamento da Facultade/ Universidade no alumnado de novo ingreso e na procura de orientación</p>	

sobre eventuais saídas laborais ou académicas unha vez concluída a licenciatura.

Análise do grao de consecución dos obxectivos propostos:

Os obxectivos propostos na elaboración do proxecto de PAT da Facultade de Filoxía eran os seguintes:

1. Orientar e guiar ao estudiantado na súa traxectoria académica
 - 1.1. Informar sobre a estrutura organizativa da universidade, o centro, a titulación...
 - 1.2. Aconsellar sobre itinerarios formativos
 - 1.3. Colaborar na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe
 - 1.4. Orientar na metodoloxía de estudo e técnicas de traballo
 - 1.5. Orientar sobre as posibilidades de mobilidade
 - 1.6. Orientar sobre os posíbeis proxectos profesionais ou investigadores
2. Identificar, através do acompañamento personalizado dos nosos estudantes, as nosas propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade e reflexionar sobre elas
3. Fomentar a cultura titorial no ámbito universitario

Os titores consideran acadados os tres obxectivos propostos, mais establecen diferenzas entre eles:

a) O primeiro dos obxectivos (orientar e guiar ao estudiantado na súa traxectoria académica) conséguese sobre todo através da titorización dos alumnos de grao e licenciatura, que identifican prioritariamente a figura do titor como un orientador ao longo da súa traxectoria académica. Igualmente, valorízase que as actividades realizadas no nivel da Facultade (Semana de acollida, Xornadas de orientación laboral, Xornada sobre Mobilidade Erasmus ou Xornada sobre prácticas profesionais) contribúen para a consecución deste obxectivo.

b) Canto ao segundo obxectivo (identificar fortalezas e debilidades do profesorado titor), foron detectados desaxustes no acompañamento dos guías docentes por algún membro do PDI da Facultade, nomeadamente en relación ao proceso de avaliación e á adaptación dos conteúdos.

c) O terceiro obxectivo (fomentar a cultura titorial no ámbito universitario) é o que o profesorado titor considera de máis difícil consecución a curto prazo.

Demandas do alumnado e resolución das mesmas:

As principais demandas do alumnado están relacionadas con dúas cuestións:

- 1) Organización da docencia
- 2) Acceso á información

A respecto do primeiro punto, o alumnado titorizado dos graos demanda unha maior adaptación dos guías ao labor docente. Combínase en lembrar ao profesorado o carácter normativo dos guías docentes e en que o profesorado titor comunicará coas persoas responsábeis do Departamento correspondente as eventuais incidencias neste sentido para a súa oportuna resolución. Puntualmente, anótase tamén algunha demanda en relación á acumulación de materia no segundo cuadrimestre nas licenciaturas e no módulo específico do MLCD.

Cuanto ao segundo punto, o alumnado de terceiro do grao demanda maior

información en relación ao traballo fin de grao (previsto para o cuarto ano da súa formación) e o alumnado do programa Erasmus da UDC ten interese en dispor de maior información sobre os países e as universidades de acollida. Acórdase reforzar a información neste sentido.

O alumnado do MLCD solicita maior información sobre as liñas propostas para o Traballo Fin de Mestrado (TFM) e sobre os programas de doutoramento da Facultade, e suxere a organización de actividades paralelas e complementares aos seminarios do mestrado (como conferencias, por exemplo). Estudarase esta última cuestión e reforzase a información na liña das demandas dos estudantes.

Proposta de mellora do PAT: (novas demandas do alumnado, cambios na organización do PAT do centro, obxectivos para o vindeiro ano, etc.)

As propostas de mellora colocadas polo profesorado titor presente foron as seguintes:

- Procurar unha maior homoxeneidade nos grupos atribuídos a cada titor/a.
- Continuar coas actividades organizadas pola Facultade dirixidas á acollida de estudantes e a fornecer información sobre prácticas externas, mobilidade e orientación laboral e académica.
- Reforzar a información específica enviada ao alumnado ao longo do ano académico sobre os asuntos referidos no punto anterior.
- Organizar no inicio do ano próximo unha reunión co conxunto do alumnado de cuarto curso dos graos para informar sobre os traballos fin de grao.
- Informar por carta ao alumnado de cuarto ano dos mestrados leccionados na Facultade.

Nas avaliacións enviadas por correo electrónico ao coordinador do PAT figuran, como propostas de mellora para o MLCD:

- Marcar un encontro entre alumnado e profesorado no inicio do curso académico para a exposición das varias liñas posíbeis para os TFM.
- Achegar información ao alumnado sobre os programas de doutoramento activos na Facultade.

Non contemplamos mudanzas nos obxectivos nin na organización do PAT do centro para o próximo curso, xa que son considerados operativos. Tanto o profesorado titor asistente como o que enviou a súa avaliación por escrito mostrou a súa disponibilidad para continuar facendo os labores propios do PAT no próximo curso. No inicio do curso 2012-2013 o codenador contactará co conxunto do profesorado titor para solicitar confirmación da súa continuidade e dirixirse á totalidade dos docentes da Facultade para os animar a se somaren ao PAT.